

ESCOLMA DE TEXTOS DE ANTON VILLAR PONTE

DO LIBRO PENSAMENTO E SEMENTEIRA

VERBAS MORTAS

Houbo un momento no que chamarse rexionalista inda sinificaba algo. Foi nos tempos de Alfredo Brañas i até a constituzón das "Irmandades". Logo o rexionalismo ficou nunha verba coase valeira. Hoxe xa sabedes que son rexionalistas todólos hespañoles, e por decontado tódolos galegos, incluso Bugallal e Riestra. Rexionalismo, pois, é agora unha verba morta se non leva aparellado o adxetivo "integral". E un rexionalismo deste xeito xa pode recibir o nome de nazonalismo. No das des-centralizaciós administrativas meirandes ou mais pequenas, nengún galego deixa de coincidiré. E isto non é nada.

Pois o mesmo ocorre con outra verba, a verba galleguismo. Coidamos tere sido nós quen es primeiro puxémola en circulación. Foi a pouco de se habere creado as "Irmandades". Galeguismo daquela sinificaba igoal que nazonalismo.

Mais ista verba xa hoxe pra nós fica tamén valeira e morta. Non hai politiquiño dos da nosa Terra, nin xornal caciquil que se non chame galeguistas. ¡Todos galeguistas!

Cando nós escribimos por vez primeira aquela verba, pensamos: como o de nazonalismo asusta a moitos aínda, en troques de nazonalismo digamos algunhas veces galleguismo. E a cousa terá de ser igoal no fondo. En Cataluña hai catalás — cantos nasceron naquela térra— e hai tamén catalanistas. Catalanistas quer decir nazonalistas; pois inventamos a verba galeguista coa mesma equivalenza prós galegos partidarios da autonomía integral con tódalas suas consecuencias.

Mais xa fica dito que agora acá ninguén deixa de chamarse galeguista. Rexionalismo e galleguismo, pois, pra nós dende esto carecen de valore. Son verbas mortas e fan falla verbas vivas. Son verbas pros que din moi ocos estas parvadas de comedia: "El regionalismo bien entendido", "el regionalismo sano", "el regionalismo práctico..."

Frases ridículas que tanto nos fan escachar de risa ós nazonalistas

DISCURSOS A NAZÓN GALEGA ("A Nosa Terra" - Nos. 75 e 76 — A Cruña.)

Con iste tíduo teño feito un feixe de artigos que axiña imprintarei nun libriño, chamado, non a conquistar soa, senón a suxerir aos nazionalistas da miña patria ideas que eles logo con máis xeito e autoridade desenrolarán compridamente. Coido chegado o momento de que o pensamento do galeguismo novecentista se concrete en sínteses afirmadoras fillas do análisis que dende fai dous longos anos vimos realizando os "bós e xenerosos".

O tíduo do meu libriño, como vedes, é igual ao da obra renomeada de Fithe. Néle tamén chégase ao "eu" através de ostáculos e loitas. E néle os discursos, asimesmo, son moitos aínda que non cheguen aos corenta do filósofo alemán.

Pois do tal libriño inédito polo de agora, estraio algunhas aportados, desartigolóndoas do conxunto, pra facer iste traballo de actualidade.

Larra preguntara: ¿onde está Hespaña? "Azorín", nun xantar co que o agasallaron fai pouco tempo os inteleutuás da chamada "xenerazón do 98", dixera que aquela pregunta de Larra ficaba sin contestar aínda. José Ortega Gasset manifestou que Hespaña é somente unha abstracción. E tódolos grandes ouradores e pensadores que tomaran partido naquela información do Ateneo de Madrí sobor "Oligarquía e caciquismo" viñeron a opinar —o mesmo, despois de teren sido moitos deles gobernantes. ¿Pódese, endebén, falar doutra unidade hespañola que non sexa a que repersentan as oligarquías fillas do réximen centralista —contando os monopolios—, pois isa unidade si que ten existencia positivamente? ¿E disa unidade non somos todos separatistas; todos, agás os que zugan déla?

Hespaña é Castela, máis Extremadura, máis Andalucía, máis Valencia, máis Euskadi, máis Galiza, máis Cantabria, máis Asturias, máis Cataluña, máis Aragón. Menos Castela, menos Extremadura, menos Andalucía, menos Valencia, menos Euskadi, menos Galiza, menos Cantabria, menos Asturias, menos Cataluña, menos Aragón, non é nada. Cada rexión é unha cousa en sí. Hespaña en sí fica coma cousa valdeira. Cada rexión *será sempre*, con ou sin Hespaña: independente ou sometida a outro Estado. Vive, pois, fora da realidade, nega tódalas leis do sentimento, e tódolos fenómenos do meio, da raza, do ambiente, póndose en contra do senso centífico e filosófico universal, en aberta pugna consigo mesmo, pasando *d'home natureza a home títere* —como diciría Goethe— quen afirme seré hespañol denantes que galego, catalán, vasco, andaluz, etc. Quen iso afirme, non tendo endexamáis o seu interior co seu exterior, carece de cultura propia: inda que seipa moitas cousas. Camiñará sin búsola espritoal pola vida; ficará sendo un cativo cibdadán.

Escindida unha rexión natural terá que habere sempre problema irredentista. Escindido un Estado pode habelo ou non. Portugal vive vontariamente arredado de Hespaña. Pesio fronteirismo doutras terras, somente antre portugueses e galegos oférecese unha afinidade efetiva en potencia. E cando Galiza tivese unha forte cultura propia, isa afinidade chegaría —e chegará— a unha aporta eterna. Adiantada hoxe Galiza, coma Cataluña, ningún problema máis serio pra Hespaña que o galego. A nosa lingua é o camiño de ouro da nosa redenzón e do noso progreso: sin a lingua

morreremos coma pobo, e nada significaremos endexamáis na cultura universal. Se o galego quere ser máis que habitante dun territorio, si arela ser un fautor de universalidade e de cosmopolitismo, samente co emprego da lingua propia, obra da natureza, poderá selo. Arrenegando da lingua terá de avergoñarse sempre de sí mesmo, condanado a buscar un disfraz de maor esforzó e ocultamento da súa espontaneidade, que, como demostra a filoloxía, é decote filla da lei do menor esforzo. Creando valores na lingua propia, axiña seremos universaes, pónonos en xeito de formarmos unha gran razón de réximen dual coa Lusitania.

¿Qué as rexión ibéricas son fillas de Hespaña? Tódolos cursis (antréles Maura e Alcalá Zamora) ceiban iste tópic, coidando un argumento a metáfora. Pois ben, non perciso gastar o miolo pra afirmarmos que isa abstracción chamada Hespaña, é filla das rexións. Primeiro, foron as rexións que Hespaña.

¿Qué lle debe Galiza a Hespaña? Como non sexa o caciquismo bárbaro que nos asoballa, o non sabemos e si alguén hai que o seipa que nolo diga, aínda que sexa con música de Valverde, Chueca ou Serrano. Fágase, fágase cada galego esta pregunta e contéstea na intimidade da súa concencia. É a pregunta máis lumiosa.

¿Qué sería en troques Galiza de non terse feito a unidade hespañola ou de chegar aínda hoxe a formar con Portugal unha nazonalidade? Cabeza xeográfica da Lusitania, os seus portos de Vigo e a Cruña, pola adiantada posizón atlántica, serían máis importantes que Porto e Lisboa. Portos relacionados con tódalas colonias portuguesas e nazós americáns de fala portuguesa e tamén con Norteamérica e demáis repúblicas do novo continente; Ferrol, entón, resultaría a gran fautoría de industrias navás que Hespaña despreciou. E Galiza asín, en pleno desenrolo dos seus valores materiás e do seu esprito na propia lingua, non sería aldraxada como foi decote dendo século xv polo catelanismo hexemónico.

¿Incondicionaes de Hespaña? A incondicionalidade é escravitú. A incondicionalidade inda non se da no senso natural para que poida dárese no senso político. Condicional é o máis respéstábel da vida: a relación entre pais e fillos, dentro da familia. ¿Cómo poden existir parvos que falen da santa incondicionalidade a un Estado, sempre cousa artificiosa e mudábel?

¡Oh, o económico! Para tódolos galegos sin senso propio ou servos do centralismo que agora falan de autonomía, o económico é o importante. E as xentes caciques da banda de Vigo, principalmente, ao falaren do económico poñen os ollos en branco, coidándose seres superiores porque son prácticos. ¡Pobres sepulcros branquexados! ¡Pobres analfabetos do idealismo! Pero ¿existe o económico en sí? ¿Existe o económico máis que coma meio? ¿A industria e o comercio son outra cousa que organizaciós do material para as facilidades da vida material? ¿Pódese fundar unha aristocracia no económico? O vulgar fabricante de champagne, por citar un exemplo, ¿qué valor tería si o mundanismo frivolo non tivese poetizado o licor escumoso? O económico é vagón de cárrega que arrastra a locomotora do idealismo. A teoría filla da especulación, é denantes que a práctica. Colón, un tolo, un ideolóxico, é copartícipe de tódolos negocios materias relacionados con América. E Colón non tiña nociós de economía. O idealismo, único impulsor da vida dos pobos, fica por riba das leises da oferta e da demanda. O económico, samente concíbese coma meio pra fins espritoás. É un concepto limitado. Cando comer, beber e vestir, sexan ideaes e non necesidás zoolóxicas, terán razón os

da economía a secas. Namentras isto non ocorra, bailarán ao son do pandeiro idealista. Queiran ou non.

Da patria, do nazionalismo e da cultura.

Os países son expresións xeográficas e os Estados equilibrios de institucións. Unha patria é moito máis aínda, é outra cousa: sincronismo do espírito e do corazón; uniformidade para o esforzo e disposición somellante para o sacrificio; comunidade nas arelas de grandeza, nas vergoñas da humillación e no desexo da gloria. Cando falta isto non hai patria, e non pode habela; a patria xurde nos ensonos comúns e nas comúns espranzas; non areláremos xuntos grandes cousas e sintímonos decididos a realizarlas, tendo a seguridade de que ao camiñar todos tras un ideal, ninguén ficará no meio da estrada contando os cartos. A patria é a solidariedade sentimental da raza, e máis nada.

O da nazonalidade é un concepto moderno. A cultura é o millor e máis forte cimento da nazonalidade. Sin a cultura os homes non chegan, endebén, a poseeren o verdadeiro sentimento de patria. Somente, pois, no nome da incultura, pode combatírsevos, hirmáns nazionalistas.

E vede de que maneira sinxela, con que xeito tan doado, un pensador arxentino, José Ingenieros, nos ten dado a razón.

"Non abonda acumular riqueza —di ele— para crear unha patria: Cartago o non foi. Era unha empresa. As minas, os bós portos, as industrias e as chuvias fan de calquer país un rico emporio; percísanse ideas de cultura para que nele haxa unha patria. Se rebaixa o valor díste concepto cando aprícaselle a países que caren de unidade moral, máis somellantes a fautorías de logreiros, autóctonos i exóticos, que a faros de soñadores cuio ideal pareza un arco tendido hacia un ouxetivo de dinificación común. A patria ten intermitenzas; deixa de selo en certas épocas de rebaixamento, cando se esmorece todo afán de culturas érguense vil apetitos de enriquecemento. E o remedio contra desas crisis da cultura non está no fetichismo do pasado (señores académicos) senón na sementeira do porvire, concurrindo todo a crear un novo ambiente moral axeitado a toda culminación da virtude, do inxenio, do carácter. Cando non hai patria, non pode existir nazionalismo. Este sentimento coleitivo só é posibel na medida que sinala o latexar unísono dos corazóns. Namentras un país non é patria, os seus habitantes non constitúen unha nación. O celo da nazonalidade só existe nos que se teñen sentido apaixonados para persiguiren un mesmo ideal. Por iso é mais fondo e puxente nos cerebros outos. A cativa capacidade de ideas, impide os espíritos bastos veren no patriotismo un outo ideal; os tráfugas da moral, alleos a sociedade en que viven, non poden concebilo; os escravos e os servos, teñen, apenas, un país natal. Só o home dino e libre pode ter unha patria. Pode tela; a non ten sempre, pois hai tempos en que só existe na imaxinación de poucos: uns dez, quizáis algún cento de elexidos. Ela está entón nese punto ideal onde converxe a aspiración dos millores, de cantos sintonía sin medrar de oficio galgando na política. Antre eses poucos está entón a nazonalidade e latexa o nazionalismo; mantéñense alleos ao seu afán millós de habitantes que xantan e lucran no país. O sentimento erguidor nasce en moitos soñadores novos; pero permanece rudimentario ou se esmorece na decadencia común,

en poucos elexidos chega a ser dominante, antepóndose a pequenas e cativas tentaciós de piara ou cofradería. Cando os intreses venás sobrepóñense ao ideal dos espritos cultos, que constituen a alma de unha nación, o sentimento nacional dexenera e se apodrece; a patria é explotada coma una industria. Cando se vive fartando groseiros apetitos e ninguén pensa que no canto de un poeta ou na reflexión de un filósofo pode estar unha partícula da gloria común, a nación afúndase. Os cidadáns volven a condición de habitantes, A patria a de país.

Cando a miseria asóla un país, culpa é de tódolos que por falla de cultura e de ideal non souberon amalo como patria; de tódolos que viviron déla sin traballaren para ela.

O Individualismo económico.

George W. Rusell, irlandés, hirmán de raza, escribiu un libro que parez feito pra nós. Déle son estas verbas: "A maxestá solemne xurde cando existe unha orquestación da humanidade por algún director poderoso, e coma povo os irlandeses non manifestaremos nunca as máis outas calidas na literatura ou na vida até que estemos baixo o dominio de unha, polo menos, das ideas fundamentaes que foron as inspiracións das razas. Nosa debilidade nasce do noso individualismo económico."

O que di o notábel escritor celta pode terse apricado a o noso povo e a cantos permanecen nun grau inferior da evolución social. Irlanda —escribe Rusell —pasou polas probas tráxicas que sirven de ilustración ao que chamaríamos a inxusticia do trunfo de unha forza orgaizada. O mesmo que Galiza.

"Aquele individualismo económico —sigue dicindo Rusell— é o sostén de un cotianismo inerte, sin alma, sin paixón, sin deber, tren de vida de autómatas que reciben as impresiós do éxito, cultivadores do realismo en toda a sua gama, o non ven nin se decatan da finalidade de un dinamismo social que representa o impulso móvil, ardente, verdaderamente xermolador da idea. Só cando os pobos compoñon a orquestación de que falaba denantes, fan grandes cousas, cantando unha epopeia vivida, un poema, unha relixión profunda e humana, un arte vibrante, unha moral acugulada de simpatía social."

E máis é certo. Os que temos ollado manifestaciós coleitivas baixo o impulso de unha paixón intelectual, unha idea que sal de nai, un desexo ardente que concreta un momento histórico; os que temos apalpado no ambiente físico a ialma de todo un povo; os que temos asistido a espeutáculos de vontade; os que temos visto poboacións enteiras sedentas de glorias e de perenidade, non podemos menos que fuxir de ese cotianismo insípido e tépedo afincado no individualismo económico que foi —según Rusell— o principal obstáculo a rexeneración de Irlanda, como ven séndoo tamén o da Galiza.

E sin embargo, conforme di o mesmo gran escritor, cando perséntase na historia de un povo un espeutáculo da Disciplina até entón descoñocida; cando se ven lóstregueos de xenreira hacia ese individualismo económico, destrutor de todas as belezas da ialma human; cando o espírito, esquecéndose da sua propia conservación, aspira ao abranguamento de algo máis outo, entón se pon a primeira pedra de unha

nova nazón, aínda que o trunfo esteña lonxano, inda que a orgaización do mal haxa afogado o estoupar do espírito.

Este é, hirmáns galegos, o devenir da Humanidade que todos vimos tecendo; uns co a nosa abnegación, os outros co as súas incapacidades. Estes son os idealismos trascendentes que temos de opórilles aos logreiros nados na Galiza, que polo seu analfabetismo espritoal non se decatan de que máis aló das descentralizadas administrativas por amprias que sexan e máis aló de tódolos progresos materias, brila a estrela tremeluciente da nazón galega alumeando a fronte dos escolleitos, dos únicos aristócratas que viven na nosa Terra: os galeguistas.

A redenzón galega e castelán.

Agora falo para os meus hirmáns predileutos: os do "rus". Vós labregos galegos, co trigo, maízo e centeio que colleitades, só tedes pra tres meses do ano. Logo precisádelo tragner de fora. De América tragneríadelo máis barato e millor que de Castela. Pero como Castela, de non impoñernos seus cereás a nós, non podería véndelos, o Estado creou seus aranceles aduaneiros que fan pagare aos cereás extranxeiros oito pesetas os cen kilos. Galiza, a Galiza traballadora, págalles sin proveito ningún para Hespaña nin para Galiza millóns de pesetas.

¿E por qué se produce caro o cereal en Castela? Porque en Castela a terra —¡oh criminás latifundios que agardan un Gladstone redentore!— están nas mans de uns poucos señores; porque en Castela hai señores donos de todo un pobo onde os habitantes son somente xornaleiros. Na Galiza todos tendes afán en traballar ben as terras, porque ou son vosas ou levádelas alugadas de pais a fillos, e compenetrádesvos con elas. Máis en Castela non é eisí. Na Castela trabállanse mal porque son xornaleiros os encarregados délas. E nun fato grande de xornaleiros espallados polo latifundio non se pode saber quen traballa mal ou ben, cómo pode sabérese nun xeito de traballo manufacturado. Serve calquera para traballar a térra, e non se pode inspeucionar a todos no traballo. É pois a de Castela unha fonda custión social, como demostraron Picavea e Senador, que deberán ter resolto os Gobiernos, que non resolveron e por mor da que os defeitos de aquele atraso enorme da agricultura casteláns, as ten que pagar e sufrir Galiza e tédelos que pagar e sufrir vós, labregos, directamente, e indireitamente o comercio das vilas.

E falan en Madrí de proteicionismo catalán; e hai parvos galegos que sintense patriotas de Castela. ¡Pois pra beneficiar os intreses dos grandes caciques casteláns amigos dos Albas e dos Maura, que teñen na escravitude máis fera aos labregos do centro, afúndese a economía galega polo que temos dito e aínda temen polas trabas que se opoñen ao noso comercio con Portugal.

O trunfo do nazonalismo, traerá, obreiros galegos, a redenzón dos escravos do irto chán de Castela; a solución de un grave problema social. ¡E por estar asoballada paga Galiza ao Estado a maor contribución territorial entre todas as rexións de Hespaña!

O GRAVE PECANO NOSO

("El Pueblo Gallego" - Vigo.)

A xenofobia é cousa ruín e serodia. Pro a xenofilia esaxerada tamén ten que lle digan. Para nós, quenés praitican de somellante xeito, son seres mimetistas co azo disposto a cair na servidume.

Entre a xenofobia e a xenofilia hai un termo meio: o sentimento da propia estimación, que cando se esmorece nos pobos e nos individuos leva á perda de carácter e da personalidade orixinal. E o carácter é o que permite ós pobos sentiren e obraren, como nos ten demostrado Le Bon nun dos seus libros fundamentaes.

Pobos de xenofilia esaxerada son pobos rendidos espritoalmente. E neste caso temos que decir que se atopa Galiza. Na Galiza hai xenofilia de abondo. Na Galiza todo o alleo que ten algún releve logra reverencias e homenaxes que van levándonos inconscientemente ó deplazamento do propio da concencia colectiva. Co que imos camiño de ser máis que un país con ialma cultivada a xeito coas suas esencias orixinaes, un territorio ou campón con habitantes que aspiran a viviren unha cultura postiza feita de fora a drento, e non de drento a fora.

En ningures, como na nosa terra, hai menos entidaes culturaes e artísticas que leven nomes de galegos prestixiosos. En ningures como nas nosas vilas, ostentan as rúas rubros de apelidos alleos. Con apelidos alleos nominalízanse parques e sociedades, e barcos feitos nas nosas mariñas. É raro que unha empresa de galego que percise ser bautizada cun nome propio, reciba o dun conterráneo ilustre. E así os nosos valores intelectuaes e artísticos dos tempos anterigos e dos tempos presentes, vanse esvaíndo dos ouvidos da masa. Tristeiro caso de pedagogía antipatriótica que nos fai excepción no mundo: pois xa non abonda co esquecemento da fala, que é a nosa característica máis esgrevia, senón que tamén chegaraos ó esquecemento dos propios valores individuaes, para trocalos polos alleos, e cáseque sempre polos alleos inferiores a moitos dos nosos.

En vano loitaron antano para diñificaren o noso propio valimento e os nosos prestixios serios, os PP. Feixóo e Sarmiento, o cura de Fruime, Vereá e Aguiar, e tantos outros. En vano os galeguistas militantes de agora, nin xenófobos nin xenófilos esaxerados, senón donos do nobre sentimento da propia estimación, veñen loitando con tenacidade para ergueren, facéndoa fecunda, a concencia colectiva da raza. Moitos galegos aínda, e dos que teñen fachenda de cultos, pospoñen os nomes de valores nosos por nomes de valores alleos, contribuíndo á perda do carácter colectivo que é o que leva ós pobos a sentiren e obraren. Así son os galegos mesmos quenés van facendo xermolar no país de seu, o sentimento abafante da propia inferioridade. Así son os galegos mesmos quenés van facendo da nosa térra unha colonia meiatizada polo espírito alleo. ¿Para qué logo protestar contra dos que fan da verba "gallego" unha espresión implicadora de rebaixamento? A nosa xenofilia esaxerada é o máis activo disolvente da nosa persoalidade orixinal. E cando un pobo perde o seu espontaneísmo autóctono, perdéuno todo. Ninguén puido adeprender esto nin na Francia, nin na Alemaña, nin na Inglaterra, nin en ningún outro pobo culto do mundo. Isto é un terríbel defecto dos galegos, somentes dos galegos. ¡Probes de nós, porén, si non reaicionamos axiña contra disto!

DOS NOSOS VALORES

(Conferencia lida no salón de actos da Sociedad Económica de Santiago de Compostela e publicada en "A Nosa Terra", N° 120 — A Cruña — 25 Maio 1920)

Goethe dixo das suas obras que elas eran sinxelos anacos dunha confesión xeral. Eu dígovos que tamén as miñas verbas de hoxe, como outras moitas que teño escrito enantes de agora, son iso mesmo. Non falo tampouco pra buscar o aprauso dos que eternamente fan cola no teatro da vida.

Deseio somentes que teñades a bondade de me ouvire con atención. Quero que pensedes "sintindo", e quero que "sintades" pensando. Pois a cultura que poderíamos chamar do sentimento e a única cultura salvadora e fecunda, a única capaz de creare unha moral colectiva, esa eterna relixión dos pobos que se chama patriotismo.

Un pobo valeiro de sentimento é un pobo morto, inda que nél díanse os homes de ciencia e de sabiduría coa abundanza que as margaridas nos campos e as queirogas nos montes. —¿De qué lle sirve a Santiago verbigracia, tere tantos sabios oficiaes, tere tantos centros de cultura "cerebral" si eses sabios i eses centros áchanse fallos dun sentimento común correlacionado co sentiré esvaído, pro de cote latexante no curazón do pobo? Esa ciencia desartigoada, ese ensino esporádico beneficiará ó individualismo económico das patroas de casa de hospedes, dos comerciantes e dos estudantes que ó romate dos seus estudos terán un meio de viviren. Pro o espírito da cibdade —senso da cidadanía galega— ficará ó marxe de tanta sabiduría e tanto insino coa friaxe tolledora das léndas groriosas das pedras dos moimentos. Será como luz de luar, alumiadora, pantástica, pro infecunda. É a pobo sinxelo coas súas cantigas, o pobo homilde cos seus coros, cos seus costumes e tradicións, co seu arte inxenuo —que os señoritos "inteleutualizados" ollan bulrona e indiferentemente— facerá máis por unha cultura nosa, axeitada a nosa natureza, que un feixe de profesores sabios e unha milleira de alumnos fallos de sentimento racial e ateigados de conocimientos escritos, si fican tan arredados do meio ambiente como as estrelas da terra. ¡Sempre o sentimento!

Xermólase no sentimento a moral e na moral a xusticia, E si na Uni-versidade —por vos citar o centro máis outo de cultura— non hai sentimento a feito —ese sentimento que poderíamos chamare nobre egoísmo colectivo afinado no degoro ancestral da raza— terá menos valor civilizante que calquera sociedade agraria ou obreira. I ela entón con toda a sabencia, serávos ergástula de escravos de caciques e cadea atrolladora das arelas de libertade do pobo.

Unha ciencia que non redima almas, unha cultura que non ergue curazóns e non acerta a chantar o seu cuño diferenciador aceso en lume vivo dun eu propio no acervo da cultura universal, resulta estéril na eternidade dos tempos, porque as verdades ouxetivas froito da esperencia e do azar comúns a tódolos pobos, máis cedo ou máis tarde pódeas descubrir calquer sabio de calquer pobo. Emporiso, ben o dixo o noso ilustre nemigo Unamuno: "O binomio de Newton non nos consola de térmonos nacido". Consólanos, en troques, unha rima de Rosalía ou de Cabanillas. Que os homes de ciencia con escalóns, reitividades utilitarias, e os artistas, cumes eternos, irreitificabels, faros orientadores das razas, no que éstas teñen de senso da

permanenza, a través dos hourizontes sin termo da Historia.

I eu heivos decir agora, que fai máis polo progreso de Galiza —xa que crea sentimento e moral e xusticia, vede o "ritornelo"— un coro enxebre coma o de "Ruada" de Ourense percorrendo Galiza, ou unha Exposición como a do inmenso Castelao, que calquer misión de profesores sabios que vaian falando de cousas pensadas i especializadas (sin nexo sentimental propio) por tódalas vilas galegas. O que dicirían eses sabios pódese saber sin ouvilos, polos libros ou ouvindo a outros. O que fan pensar e sentir aqueles coros e aqueles artistas, somente se pode sentir e pensar "gracias a eles".

Quen ten cencía, sin sentimento, poderá facer da cencía unha ganzúa pra medrar na vida. Quen ten sentimento sin cencía, pode ser e coáseque sempre o é, útil á súa terra, a un treito de humanidade, consustanciada co sere de seu.

A cencía e o sentimento xunguidos, formando simbiosis pura, son a frol dunha civilización. O bivio grego era como unha Y. Trazáino mentalmente. Escribide nun dos seus brazos "cencía", noutro "sentimento", e no vértice "Terra". E teredes a definición gráfica da Patria.

Mal ou ben, hoxe inda falan en galego as cinco sextas partes da poboación de Galiza. A inmensa maoría. Supoñede que por novos influxos da colonización castelá, o galego desaparece. Que todo estivese xa castelanizado. Que como os señoritos e a cursi crase meia, tódolos labregos e mariñeiros se espresaran en castelán e pensaran en castelán, e hastra fosen donos dunha cultura xeral grande inda que eisótica. Supoñede perdidos tódolos valores raciaes, tódolos xeitos autóctonos, i esto coincidindo cun progreso material punxente e considerábel. O que cobizan os parvos do "regionalismo sano y bien entendido".

Máis un día chegamos ó campo. O trafego é inmenso. Hai fábricas de abondo. A silueta das outas chimeneias fura a masa verdinegra dos piñeiras. O fume azul que escoan as tellas dos vellos casos partriarcaes esvaise avergoñado ante o fume preto e mesto que deitan as colmeas industriaes. O verde espréndido dos campos sofre a mágoa lixadora das vermellas piladas de mineiral. As ergueitas montañas son toupeiras humas. Os vales, as valgadas e as serras ollanse enxornadas polo escintilo das liñas paralelas metálicas. As estradas albean onde queira. O progreso material chegará ó cumio...

Temos verbas de loubanza pra tanto ben dos homes. Apouviñados coa ledicia, berramos: "Esto perez unha Bélxica". Pro hai un rapaz que nos escoita, calado e pensativo; un rapaz que se achega, paseniño, hastra nós. Os seus ollos son fondos, azúes, vagariñantes, cun velo velaíño de melanconía i ensoñó. A súa frente é ampla. Os cabelos mestos e longos; a face enmagrecida e pálida; a boca doce e entristurada; o corpo lanzal e flebe.

Calmuzo e sorrinte, nos d,í: Son a fecunda folganza, neste ambiente de traballo estéril. Son a fecunda folganza filla do "ocio helénico". Son o único famento neste emporio de riqueza colonizada.

Tomámolo por tolo. Máis il camiña, e nós imos atrás déle como atraguidos pola

sua ollada de enfeitizado. Fainos cruzar polo sombrizo e recendente chan dun vello souto. Lévanos por unha corredeira, silenzosa i esquecida. Fainos rubir hastra un verde outeiro coroado de pinos e ateigado de felgos, esas prantas simpáticas que somentes crescen nas terras pobres.

—"Xa non hai fadas nos bosques —berra entón—. Fuxiron amedoñadas polo fume das chimineas que condenou Ruskin. Xa morréu a musa popular que enchia de cántigas e supersticións poéticas os doces campos e os meigos recunchos. Nin espadeladas, nin regueifas, nin riveiranas, nin muiñeiras, nin parrafeos, nin alalás... ¡Nin saudade, nin lirismo!... ¡Nin ialma propia, nin propios sentimentos!... Esto é unha Bélxica que se chama Galiza, como poderíase chamar calquer outra cousa... Un pobo como tódolos pobos mortos, que en troques de se habere afundido como a nosa Atlántida no fondo das augas, afúndese nas ondas dun progreso material, nivelador e monótono que deixa infecunda esta terra pra lle donar ó mundo unha civilización propia, que cegou pra sempre unha rica fonte de arte... Os "camiños innumerabels" do que debéu ser o "mare nostrum", o mare Atlántico que escintilea ó lonxe, xa non levarán a ningures nada noso ,nada que sexa galego, nada que faga esquecer ás xentes de que galego foi sinónimo de bárbaro por malquerencia aldraxante da soberbia Castela, que esnaquizou e furtou nosa ialma pra sempre...

Eu escoitéino caladiño. Eu descín con íl cara ó val. E fumos dar a un recuncho sinxelo e meigo, onde os albres espelleaban nas ledas risadas de cristal da iauga do fermoso río cantareiro. ¡Oh milagre!... Un vello petrucio, de guedellas brancas, cun arado román, fendía un anaco de terra, aguilloando uns bois marelos de ollos tristes e redondos como medallóns acochadores dunha paixase en miniatura, e de berzos carnudos e inquedos pingando fíos de baba mesta.

—Este vello, este vello velliño —díxome ledó e sorrinte o rapaz pálido— é o derradeiro morador desta terra que non quere deixar os costumes e a fala de seus abós, froitos esgrevios desta natureza. Un analfabeto simbólico, rexo nemigo de tódolos progresos materiaes que non deixan nin fadas nin paxaros. O derradeiro anaco vivo da personalidade dun pobo; o derradeiro patriota a quen non dubidarían en rendir honores ó decatáranse da súa existencia, tódolos homes sabidos que cren que poida ser en algures o progreso material motor transcendente da humanidade...

O velliño de faz enrugada e de ollos churrusqueiros, mirou pra nós. Apreixoulle a man fortemente ó que falaba. E logo ollando pra o fume das chimineas lonxanas, erguéu o puño ameazante.

O rapaz pálido púxose de xoellos. Eu imitéino. I estreitándoo contra do peito, berréi: ¡Salve poeta! ¡Salve fixador dos sentimentos que non ten valor no zoco do utilitarismo xudaizante i estéril, onde a cencia fría trunfa. O principio e o fin dunha patria sodes vós. Tí, rapaz pálido e tí velliño petrucio...

A rutina, dixo Ramón e Cajal, ten un orixe orgánico. "Si as suxestións dos preceitores e dos pais —afirma— obedecen a prexucios e falsas ideas, no miólo do neno formaríanse complexos aberrantes, anormaes, escrusivos ante determinado grupo de células, e o resultado psicolóxico ha de ser quizáis a rutina no pensar e outros moitos vicios máis difíciles de arrincar. En troques, unha educación basada en ideas positivas, en sentimentos sans e xenerosos, perfeicioará o desenrolo das asociaciós

fisiolóxicas das neuronas cerebraes, e o resultado ha de ser un home de xuício sereo, libre de preocupacións".

Pois si a rutina ten un orixe orgánico, ha de ser valdeiro o traballo de convencer ós rutinarios, ós que teñen o cerebro xa axeitado pra se non sair dos carrís trazados polos seus mestres e polos seus pais. Unha verdade nova antre eles non terá acollimento. Polo mesmo, sería perder o tempo pra convéncelos. Eu falo pra os mozos que non viven infruídos polas parvadas verbaleiras do século XIX. Sinto a economía do proselitismo, que vos aconsello a todos. Os vellos e os homes de idade madura que non veñan a nós espontáneamente, deixádeos tranquiós. Perderíades o tempo con íles. Sementade o santo ideal no corazón dos nenos e dos rapaciños. Este é o único terreo doado. Pola sua cultura vira o aturuxo do trunfo.

Eu pergúntovos a todos, hirmáns, amigos i nemigos, ¿non queríades unha Galiza con valores universaes? ¿Unha Galiza que pesase no mundo, capaz de facer historia propia? ¿Non queríades que o idioma galego trocárase nun instrumento espresadore dunha cultura tan forte como a que repersentan o alemán, o inglés ou o francés?

Ben; isto non é posíbel, pensaredes. Mais —postos no terreo da fantasía— figuraivos que tivéchedes un sono tolo. Nese sono vos foi dado ver a existencia de unha Galiza grande, nai dunha nova civilización punxente, a civilización Atlántica, que se impuña ó mundo, como antano se impuñera a mediterránea libre de infruxos alleos; unha groriosa civilización cheia do esprito racial, cuia esencia e o lirismo e a saudade, feita no idioma natural, no idioma que é inda máis da nosa Terra que as nosas prantas e as nosas paisaxes... ¿Hai alguén que non cobizara que iste sono tolo se convertirá en realidade? —Non pode ser, decídeo— Boeno, ¿pro si poidera ser..., — Ah, daquela sí...

Pois os nazionalistas queremos que así sexa. Oueremos trocarmos a fantasía en realidade e a realidade de hoxe en pretérito esquecido e vergoñoso. I eu dígovos que os nosos fillos trunfarán si nós acertamos a chantar no curazón da mocidade a fungadora frecha do anceo patriótico.

Hoxe, ¿qué é Galiza? Os galegos que máis galegos parecen —académicos, eruditos, arqueólogos— adícanse ó estudo das cousas vellas da nosa Terra, como ás dun país finado, morto, cuia persoalidade asolagouse no castelanismo estéril. Si fan un diccionario danlle xeito de panteón da nosa lingua. Si fan un boletín convírtenno en eco morto de cousas pretéritas. Somentemiran pra atrás, cunha friaxe tan tolledora, que calquera diciría que se trocaron, como a muller de Lhot, en estatuas de sal. Fáltalles o atopárense a sí mesmos. Fáltalles o sentimento que é consustancialización da ialma propia co meio natural. Infruenciados por cinco séculos de colonización castela, xa non teñen máis que o viviren en Galiza. Perderon o sangue do esprito que é a lingua natural, perderon a autonomía dos sentimentos que só a lingua propia mantén acesa, e fican trocados en "turistas" na sua térra, que veñen percorrendo guiados por unha cultura fría que lembra ós antipáticos "cicerones", todo o que foi. Avergónñanse da sua ialma e da súa natureza, pois a tanto equival avergónñarenseda lingua propia que é o froito máis esgrevio de toda raza, o sino máis outo de creación, a proba máis forte e honorosa da personalidade orixinal de todo pobo. Síntense inferiores espresándose en galego; e xa non espresándose en galego, senón aínda talando en castelán con acento da Terra. E disimulan este acento, selo que nos puxo a natureza, como cousa

infamante, e pónense fachendosos e ledos, cando un castelán lles di: "Usted no parece gallego; si todos su paisanos fuesen lo mismo". Pensedes como vos pete, sexades amigos ou nemigos, ¿coidades que cando se chega a este xeito de rebaixamento, non merez un pobo ser escravo? Eu non sei dun caso de onanismo espritoal máis degradador: dun pecado contra natura máis vil.

Porque o noso idioma é tan de nós como nós mesmos, e sin embargo tíñanno por "inferior" inda os poetas que o empregaban. ¿Qué escritores con iste criterio por diante tiñan cultívalo?

Afirmaba o gran Porteiro nunha notábel conferencia sua, que si chegaran os tempos de desenrolar a nosa cultura integral, percisábase primeiro de nada facer unha disposición agarimosa, un xeito de simpatía pra elo, porque a influencia das culturas alleas puxo a Galiza na aitude ridícula e contraditoria fronte ós seus propios valores, obrigando a facer as críticas do noso con moldes e valores estranos.

Porque de fora quenes non sentían nin coñecían o noso, afirmábano, cuidábamos moitas características galegas máis cativas que as de outras rexións. E como arrenegáramos da fala: arrenegáramos da propia natureza. A nosa luz e o noso verde —chegamos a pensar polo que nos dixeran os alleos— non valían pra seren levados ó lenzo. O noso orballo e a nosa chuvia miuda, eran cousas da nosa terra que nos facían inferiores. Até as nosas mulleres e o nosos homes coidaban moitos que non resistían a comparanza cos de outros pobos. Só mandábamos con fachenda ós boletís castelás aqueles retratos de mozos que parecían señoritos de "cabaret" e de mozas que co mantón de Manila puideran resultaren moi "chulas". ¿As nosas diferenciacións características nise ambiente, poderían xurdir?

Pois a nosa música tamén era ridícula. Os alalás e as cantigas, populares, sirvían de bulra a moitos; inda hoxe, pesie a que os patrióticos coros enxebres que iniciou en boa hora Perfeuto Feixóo, a diñificaron, atopan na crase meia que quere pasar por aristocrática, un xeito de desdén. Xeito de desdén que se troca en admiración pra a música popular de outros pobos. E ¿qué compositores poderíamos ter así? O valor dos nosos cantos ó lado dos flamengos, qué probé o víamos. A nosa fala, qué "ordinaria". O valor da nosa paisaxe e dos elementos naturaes que a integran era —como xa dixemos— unha disgracia pra nós. A chuvia, o orballo, a brétema, tanto verde, tanto monte, tanto gris, ¡qué door! En troques, ¡oh, aquel ceo de Castela e de Andalucía! ¡Aqueles chaos inensos!

E, diste xeito, fallos do poder de esaltación, forza suprema do artista, pra todo o consustancial co noso esprito, ¿qué outra cousa senón a escravitude moral e o rebaixamento maor poderíamos colleitar? Eisí foron moitos escritores galegos os que chegaron a facer traballos porcos na nosa fala e cousas finas en casteláns; eisí coásaque tódolos escritores da terra danlle ó galego nome de dialeuto, inda que os milllores filólogos do mundo téñano calificado de idioma en xusticia. Eisí deixamos de cantar os nosos símbolos, eisí esquecimos o mar, que en Portugal sigue sendo un valor poético e antre nós, dende Martín Códax, coáseque non tivo cantores. Eisí, infruídos polo mito azorinesco da meseta irta, namoráronse moitos escritores nosos —cursis, degradados, almas mortas, treidores á natureza— do chao de Castela, dos seus camiños poirentos. e do cervantinismo que nos aldraxóu e que matóu o idealismo na Hespaña, como din os pensadores andaluces de órgao. ¡Cómo se non fosen máis

fermosas as corredeiras da Terra e os montes verdes, e os meigos vales e os castros lexendarios! Como se os fidalgos de Galiza que canta Valle Inclán, despois de recobrase a sí mesmo gracias ás influencias líricas que recolléu dos libros portugueses, non fosen tan intresantes coma os de Castela, e como si a primeira aristocracia ibérica non tivera seu raígame na nosa Terra.

Pois as "Irmandades da fala" viñeron a esto: a esaltar os propios valores esquecidos, a esculpire nas novas xeneracións o santo amor á Terra, como nada fecundo. I eisé no berro ¡Terra a nosa! Está todo o programa, todo o idearium das "Irmandades", o máis grande, o máis nobre, o máis práctico que se fixo endexamáis na Galiza.

Estes son os problemas do galeguismo; porque o de pedir estradas, camiños veciñás e de ferro, granxas, etc., non é problema, senón unha necesidade, tan de Galiza como de outras rexións, que cando haxa bós gobernos resolveráse.

Quen non sinta o nazonalismo, pois, será rexionalista por especializar os asuntos de orde universal práctico dunha parte de Hespaña, pero non fará nada por erguer da lama e a escravitude moral á nosa Terra, que, progresiva e todo ficaría sendo despreciábel, máis despreciábel canta maor riqueza e cultura allea tivera.

I eiquí ven axeitado o lles decir ós do "regionalismo sano y bien entendido" que si o único que importa son as cousas relacionadas co progreso material, o concepto da patria pra eles, tan patrioteiros, resulta nulo; como eles resultan antipatriotas sin sábelo, pois si todo consiste en ventaxas de orde práctico, Galiza deixando de ser hespañola pra sumarse a outro Estado europeo, decontado trocaríase nun emporio de riqueza material, como Xibraltar por exemplo.

E aínda compre falarlles tamén á mesma cras de "regionalistas sanos, bien entendidos y prácticos" de que cantos din "primero españoles y después gallegos", nin son bós hespañoes, nin son bós galegos, nin saben o que pensan. Porque Hespaña é conxunto de varios pobos. E un nado na nosa Terra, ¿pode querer o mesmo a Castela, a Andalucía, a Cataluña, etc., que a Galiza? Pois si quere a Galiza máis que ás outras rexións, e ás outras rexións con Galiza forman Hespaña si di querer a Hespaña máis que a Galiza, non sabe o que di ou non quere a ninguén, que é o certo.

E agora non esquenzades que Alemania, este pobo grande e admirábel, tivo por base pra sua creación unhas "Irmandades da Fala" como as nosas. Gracias a elas, dun dialeuto fixo o seu idioma e puido diferenciar a sua cultura, tan útil á humanidade, das outras culturas saxonas. Si os alemáns dos tempos de Lutero pensasen coma os galegos castelanizados, Alemania hoxe sería un pobo esvaído e morto espritoalmente: E a civilización universal sufriría unha resta doorosa.

Como dixo Cambó, o nazonalismo non se discute: ou se sinte, ou se rechaza. I eu asegúrovos que ningún esprito seleito, ningún galego de alma libre, pode deixar de ser nazonalista se afonda na sua concencia e na concencia do seu pobo. Por que o nazonalismo no intre de moito máis, é humanitarismo, siñifica creación dunha nova cultura útil á humanidade, capaz de facer, tempo andando pola liga de nazóns, polo gran Estado Universal, o que a guerra derradeira non foi capaz de facer. Decatádevos sinón como inda o bolchevismo pensa na libertade das nazonalidades naturaes cal en

instrumentos, cal en órgaos precisos pra o desenrolo da cobizada solidariedade internazonal.

Pro todo ha ser inútil, o gran soño de que no comenzo vós falaba se non poderá realizar si non sentimos por riba de todo, encol de todo, a cobiza dun imperialismo da nosa lingua. Porque pódese ser rexionalista con lingua allea; non se pode ser nazonalista, en troques, sinón con lingua propia. Sintir o imperialismo da lingua é sentiré a nosa libertade. O idioma galego se nós queremos, no porvir poderá ter unha importancia internazonal grandísima e transcendente.

Fixáivos ben; digan o que queiran os que non teñen ollos pra mirar máis aló dos tempos que corren, a hexemonía do castelán na América non ten fondo raígame. O castelán ala vai camiño de se dialeutalizar, xa corrompido. Falan moitos millóns de americáns inglés; falan portugués moitos millóns tamén. A inxerencia de razas estranxeiras (italiana, eslava, xermana, francesa) nas Repúblicas máis progresivas do Novo Continente constituie elemento "descastelanizador". Vede a Arxentina querendo facer dos seus dialeutos criollos un idioma propio; vede a Cuba, Porto Rico, Panamá, Costa Rica e Santo Domingo, saxonizándose; vede a Haití francesa. Pois na Península ibérica anticasteláns son Euzkadi e Cataluña. Unha nazón independente con cultura groriosa, veciña de Galiza (outra Galiza separada de nós por torpezas históricas (ten por lingua a mesma galega, da que apenas diferenciase en pequeneces ortográficas e prosódicas. O galaico-portugués fálanno máis de trinta millóns de ialmas entre Europa, Africa e América. O galego-portugués é o supremo instrumento do humorismo e do lirismo. Agora ben; si "queremos", pondo en alta tensión máxima a nosa vontade creadora, ¿por qué a nosa lingua viva non ha trunfar para seré no futuro verbo escelso da civilización atlántica que ven xermolando.

Non ten outro valor o castelán que o da "estensión". Por esa ostensión coidábase útil pra o comercio coas Américas. Máis hoxe tódalas grandes potencias comerciaes crearon escolas de castelán con fíis utilitarios. Co mesmo castelán matarán aló a influencia castela, conquerindo pra elas os mercados. E cando o comercio hespañol decaía na América a decadencia da lingua que sirvéu pra foméntalo, vira de camiño. Pra que o castelán non decaíra, sería perciso que representara valores fondos culturaes. E xa sabedes que non representa ningún. Na Historia da cencia universal — pese ós esforzos que Menéndez Pelayo fixo pra demostrar o contrario— a Hespaña centralista non ten coáseque voz.

E contestádeme agora, o sonó de que vos falaba ós comenzos ¿non poden realizárese? Si queremos, sí... I eu dígovos que nunca en ningures, se vos chamóu pra unha cruzada máis grande, fermosa e transcendente, humanitaria e patriótica que ésta. Os espritos rutinarios, os que levan sobor das costas cinco séculos de escravitudes, poderán rirse de nós coa risa dos imbéciles i oscuros de que falou Pondal. Pro vós, mozos que me escoitades, rapaces novecentistas, almas sinxelas, libres de prexucios, pensái si non somos os nazonalistas os únicos aristócratas da nosa Terra, os cabaleiros do Santo Grial galego. Porque inda trabucados, inda quiméricos, levaríamos á Historia a voz da nosa quimeira, como un trofeo inmortal honorador dunha raza que polo romantismo dos mozos abalábase pra non morrer, con morte escura e cobarde.

Galiza dende o século XV deven espritoalmente escrava da hexemonía de Castela. A derrota dos irmandiños que tiveron a raia a casteláns até a caída da

Frouseira nas mans dos Reis Católicos, xunto coa descuberta do Novo Mundo, desviaron os anxeios de liberdade e independencia sentida decote na nosa Terra. Galiza dende entón foi desprezada e ouxeto de caloña. ¿Cómo o castelanismo fachendosamente preponderante, non habería de lembrar con xenreira as pasadas rebeldías galegas? I espallou por todo o mundo o concepto da barbarie galega, que inda hoxe perdura. E asín, ó longo da literatura castela da Idade Moderna e da contemporánea, pódese ver o que Galiza significa pra o resto da Hespaña. Cervantes fala mal de nós, falan mal de nós Lope de Vega, Tirso, Moratín. E chega a se afirmar por algúns, que a "doncelez en Galicia non se coñece". E a xente do centro da Hespaña non nós considera como Hespañoes. E isto pódese ver en varios pubricistas. Un deles, Baltasar de Vitoria, nado en Salamanca, no seu "Teatro de los Dioses" —edición de 1677—, (fixémonos ben na data, porque daquela inda non se coñecía o rexionalismo) afirma falando do trovador Macías: "Macías gallego de nación... su lugar fué la villa de Padrón, quatro leguas de la ciudad de Compostela, que los españoles llamamos Santiago". Cousas somellantes repetíronse en moitos libros: hai moitos documentos públicos nos arquivos onde fanse as mesmas manifestacións, que chegan até os nosos días. E xa polo derradeiro, no século XIX nas Cortes de Cádiz e na "Gaceta de Madrid", chamóuselle a Galiza "filla espúrea de Hespaña". Coáseque cando —¡oh qué contraste! — un inglés, Lord Wellington, logo de nos coñecer entonou un hino ás virtudes e ó heroísmo da raza galega.

Toda, toda a Historia castela da Idade Moderna e contemporánea está chea de aldraxes pra nós, aldraxes traducidos en leis —e isto é o peor— que impiden o noso progreso económico esencial e armónico.

Tras da nosa escravitude espritoal, ven a escravitude moral i económica. Quen impon unha cultura agrilloa un esprito. Quen perde o sentimento propio fica sin ningunha moral. E sin esprito nin moral pasan os pobos dende o xeito de países ocupados por patriotas ó de territorios con habitantes colonizabels.

A nosa economía esnaquizada é cristaiña proba do que temos dito. Galiza, economicamente, resulta o pobo ibero máis escravo; resulta, a probé "cincenta" da triste Hespaña. Achase atrollada de pes e mans polos arancés protecionistas, imposibilitada pra desenrolar as suas fontes de riqueza naturais. Pra que poidan vivir nun réxime artificioso as outras térras hispanas, ela ten que resiñárese a vivir cativamente, e a botar á emigración os millores dos seus fillos. Fixádevos ben nesteo, señores, "del regionalismo sano, práctico y bien entendido" e si logo de vos fixáredes e de meditar un pouco, non sentides a santa arela creadora do nazonalismo, é porque vosa ialma está morta.

Galiza é "librecambista" pola sua natureza. Dende hoxe mesmor cousa que non sucede con ningunha outra rexión hespañola, supoñendoa nun réxime de total independencia, progresaría en poucos anos dunha maneira prodixiosa, pra erguer os seus valores materiaes á outura envexábel das outras térras europeas, de natureza somellante á déla.

I é hora de decílo. Galiza, pola súa persoalidade, polo seu "ser" de non ter entrado na pra nós triste unidade hespañola, soia ou xunguida coa irmá Portugal, hoxe sería sin dúbida unha potencia tan forte como Inglaterra. Inda hoxe, independente ou unida coa Lusitania, nun réxime de estatismo dual, pesaría na

balanza europea máis, sin dúbida,, que o resto da Hespaña. Desenvolvede mentalmente estas aseveracións, e vos convenceredes axiña.

E agora, unha pregunta: Si Galiza lle non debe nada a Hespaña, si é xuntada a Hespaña unha escrava probé; si coa Hespaña centralista non pode traballar dun xeito progresivo, nun libre desenvolvemento espritoal, moral i económico, e áchase esposta a morrer como pobo capaz de donarlle ó mundo unha civilización filla do seu diferenciamento racial, ¿qué camiño debe seguiré?

Un de dous, hirmáns: Ou o do conqurimento da autonomía integral —que soio polo autonomía de cada esprito feita na lingua propia é posíbel—, ou no que Alfredo Brañas apuntóu nun glorioso rauto lírico:

Como en Irlanda
érguete e anda...

E agora, pra rematar, pois xa abuséi dabondo da vosa atención, dígovos que de nada sirven as armas nin a forza material, cando un pobo, inda que sexa pequeno polo seu territorio, leva no curazón a grandeza dun ideal patriótico.

Refiróme a Irlanda, a irmá nosa pola raza, e aínda polos costumes, as mágoas e os sufrimentos. Refírome a esa térra asoballada que ven asombrando ó mundo co seu alentó xerminal no que latexa a divina esencia dos grandes "epos". Irlanda merece o poema heroico máis rexo e xenial do século XX. A guerra derradeira —loita de moitas razas e moitos pobos— non acochóu no seu seio unha emotividade, un romanticismo, unha quentura cordial tan subrimes como os que fai latexar ese belo xesto dos irlandeses.

O celtismo volve a entrar na escea da Historia. E Irlanda hoxe, frente ó imperialismo saxón, como antano Galiza no Monte Medulio, frente ó imperialismo román, fai esmorecer a lembranza de Sagunto e Numancia.

A sombra de Alfredo Brañas agarimada pola doce soma da meiga santiña Rosalía, baixo o teito melancónico da eirexa de Santo Domingo, dínos a todos, a tódolos "fennier" (isto é, sin térra e sin patria).

Como en Irlanda...
érguete e anda.

RADIOGRAMAS DO OLIMPO

(A Nosa Terra)

A miña alma vivía nun corpo envolto en hábito de frade; pro como ialma de cerne galego nidio, nunca en ningures, mentras tiven folgos carnaes, deixei de me sentir home liberal facendo compatíbel este nobre sentimento coa disciprínha dos mosteiros onde servín a Deus, sin esquencer en horas de acougo as custiós de verdadeiro intrés para a terra de Galiza.

Son o P. Sarmiento. Co meu mestre e irmán maor Bieito Feixóo, ando a parolar moito polos recunchos do Olimpo sobre cousas galegas, e inda máis dunha vez os dous, malados de saudade do verdecente país onde tivemos oriundez humá, ó veremos o azul sin fin do infindo con adoiro de brancas nubens, tentamos camiñar pola vía láctea cara a Compostela. En segredo, manseliñamente, vos digo, que algunhas noites nunha raiola velaíña de lúa pousamos nosos espritos encol do sartego de Rosalía e de Brañas axoenllándonos alí en reverencia invisíbel, como foula muiñeira ou como escuma do mar de brétema que cinguíu a barca de pedra de San Patrik, a de Sant-Iago e a de Amadís. As laxes graníticas de Santo Domingo saben dos nosos laios de ialmas en pena, inda na groria serea do Olimpo, pola incomprensión dos nosos paisáns, que agora no século chamades homes de dereita, para contribuíren á grande obra de galegitude. E dóinos máis que nada, que non señan os cregos que zugan a cotío o celme aldeán da térra —como en Cataluña, como en Euzkadi— os semeadores esgrevios do galeguismo. Pro desto vos falará outro día meu hirmán maor e mestre.

Eu hoxe teño un mandado diferente que facervos. Xa sabedes que améi as cencias esperimentais e a ouxetividade histórica; combatindo, endebén, prexucios e fanatismos das xentes da nosa raza, ata o extremo que dicen da creencia popular da Virxe da Barca que non achaba misterio no caso, e que é inorancia maxinar alí miragre algún. Eu, que polo sentimento racial tiven de estar máis perto dos libros de cabaleiría que Cervantes, non vín na pedra de abalar de Muxía cousa ningunha de xeito misterioso. Don Quixote comenzando cos xigantes das aspas dos muíños, foi meu antípoda e antípoda tamén das nosas xentes. Cicáis por iso as aldraxou seu pai.

Tralléi coa miña cultura, en asubíos de carraxe, contra da iñorancia e as supersticións, pregoando que se creasen bibliotecas públicas. Arreneguéi das corridas de touros —pensaba como tí, irmán Castelao, que tanto ves cos teus ollos magoados porque pos o celme do ser orixinal néles: "lástima de bois"— e folgueime de que Galiza non dirá toureiros. Un cristián de curazón non pode sentir de outro xeito que Francisco de Asís. E conseqüente co meu instinto humanitario, en forma máis xurídica que teolóxica, fun o primeiro home do Universo que deitou unha protesta rexa contra da pena de morte. Teñóme por devanceiro nésto, de tódalas escolas penalistas modernas.

Emporiso vos aconsello, que nin transitoriamente siquera, aceitedes os repubricáns galegos que a República hespañoa volte ó bárbaro feito de restabrecer a forza. Canda a miña verba van xunguidas a de Concepción Arenal e a de Curros, que me escoitan. Estes dous paisáns nosos deixaron na térra como min, testemuños da sua nemiga ó talionismo estatal. Todo o que fose exemplar á tarefa do verdugo, resultaría anticristián e contra natura. ¿Quén é o home para ceifar vidas que dou Deus? ¿E que autoridade ten, por outra banda, un Estado coma o de Hespaña para cinguir a corda

homicida ó pescozo de ninguén, si se afinca en alicerno de forza vergoñosa, negación da verdadeira democracia? ¿As suas Cortes son feitura do sufraxio ou da vontade dos caciques? ¿A xusticia castiga o mesmo os delitos dos ricos que os dos probes? ¿Seus concellos siñifican espresión fidel das arelas populares? ¿Cantos xueces, maxistrados e correxidores foron suxetos de astrego? ¿Cantos señores sacrificaron as suas bolsas para librar da fame ós homildes? ¿Cantos patróns teñen condenado por trataren ruinmente ós que traballan para eles? Antes de saber se os que rouban e matan son merecentes de forza, habería que acretar se quenes desecan aplicarlla non os moveron a mataren e roubaren , facéndose dinos de que os rouben e maten, ós que isto fan mal feito, polo mal feito e absurdo do Estado hespañol . Poucos poderían erguer o dedo na Hespaña, limpos de aldrases á xusticia humá...